


Validación do rexistro de usuario en España



Cando un docente se rexistra por primeira vez en eTwinning ou, unha vez rexistrado, cambia de centro escolar, o rexistro pasa por un **proceso de validación** que consiste en:

- O responsable eTwinning na Comunidade ou Cidade Autónoma á que pertence o docente envía unha notificación por correo electrónico ó/a director/a do centro escolar para confirmar a veracidade dos datos proporcionados no formulario de rexistro.
- O/a director/a do centro escolar, seguindo as instrucións do email recibido, responde ó responsable da Comunidade ou Cidade Autónoma confirmando a veracidade dos datos, e no caso de que algúns deses datos non sexan correctos, solicitará a actualización dos mesmos.
- O responsable eTwinning comunica ó SNA a aceptación do rexistro.

- O SNA eTwinning valida o rexistro na plataforma online.

Para que o proceso desenvólvese no menor tempo posible, é necesario que os datos do/a director/a estean actualizados no perfil do centro escolar. É recomendable o uso da dirección de correo electrónico institucional, de tal xeito que o proceso de comunicación non se vexa interrompido polos cambios que haxa na dirección.